

NOVEMBRO
CONCERTOS E
ACTIVIDADES
DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA

Festival internacional de creación musical contemporánea

vertixe vigo 2014

Concertos Vertixe Sonora Ensemble

xoves 6, 20.30 h. **Espacio Sirvent** (Av. Gran Vía 129)

PRODUKTIONSMITTEL II - Flauta, arpa e acordeón -
estrea mundial de Joan Amou Pàmies (ES)

co apoio do Departament de Cultura da Generalitat de Catalunya e a Northwestern University de Chicago

mércores 12, 20.30 h. **Museo Verbum** (Av. de Samil 17)

ON SERRA: A BOOK OF FORMS -5 instrumentos móbiles, 2 percusionistas, 8 instrumentistas de corda-

con obras de Valerio Sannicandro* (IT) Rui Penha (POR) e Agostino Di Scipio (IT)**
* estrea mundial co apoio da American Academy in Rome/ **presentación en España

xoves 20, 21.15 h. **Colexio de Arquitectos de Vigo** (Rúa Doctor Cadoval 5)

O LUGAR CALADO - Flauta, clarinete, violoncello, percusión, difusión electroacústica -
Ensemble Sinkra (País Vasco)

con obras de Abel Paúl (ES), Carter (EE.UU.), Rzewski (EE.UU.), Erkoreka (ES), Sprintz (ES) e Louzunka (ES)

co apoio do Inoem e Etxepare - Euskal Institutua

agrupación convidada 2014

xoves 27, 13.30 h. **Hall de ETSE Minas de UVigo**

PARTICLES -arpa e percusión-

con obras de Anna S. Parvaldsdóttir** (ISL) e Ju Ri Seo** (COR)
presentación en España**

venres 28, 20.30 h. **Café De cotro a cotro** (Rúa Girona 16)

CRÁTER - guitarra eléctrica, saxofóns e electrónica -

con obras de Maxime Barthélemy* (FR), Lorenzo Troiani* (IT)
e Heather B. Frasch** (FR)

*estreas mundiais en colaboración co Festival Mixtur/ **presentación en España

domingo 30 ás 20.30 h. **La Caja** (Camiño da Veiguiña 35 - Alcobre)

HOMENAXE A MARCELO TOLEDO -ensembles de 9 músicos-
estreas mundiais de Victor Ibarro* (MEX) e Henrik Denerin (SUE)

*co apoio de Ibermúsicas e FONCA/compositor residente vertixesonora 2014

Obradoiros Instituto Galego de Sonoloxía

sábado 8 e domingo 9 Espazo por definir

ÁNGEL FARALDO - DI SCIPIO STRING REPERTOIRE

10.00 o 14.00 / 16.00 o 20.00

Inscrición á inicio da actividade/Przos limitados/ Matrícula gratuita

martes 11 e domingo 16 CITA - Centro de Interpretación dos Torres Arcebispos
(Av. de Santa María, Pontevedra)

JUAN CAPIZZANI - ESTUDOS AURAIIS (obradoiro) e Spatial Perception
Study #12 (performance)

martes 11 e venres 14 Obradoiro: ESTUDOS AURAIIS 10.00 - 14.00

Inscrición á inicio da actividade/Entrada gratuita/Przos limitados

sábado 15 e domingo 16 Performance: Spatial Perception Study #12

Cobra poses: 17.00h - 18.00h - 19.00h - 20.00h

Entrada gratuita/Przos limitados

cAuSal- Encuentros Internacionais de Composición

10.00 o 11.00 h Departamento de Composición
Conservatorio Superior de Música de Vigo

mércores 5 Joan Amou Pàmies (ES)

mércores 12 Valerio Sannicandro (IT)

sábado 29 Henrik Denerin (SUE), Victor Ibarro (MEX) e Madamme Cell (ES)

Promove:



Organiza e produce:



Co apoio de:



Patrocin:



Colabora:



* Todos os concertos son de balde ata completar capacidade. Aforo limitado

Presentación

VertixeVIGO é un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuízada da creación sonora internacional. Inclúe concertos de música contemporánea, música electrónica, música improvisada e obradoiros especializados.

Serve de plataforma de presentación aos novos creadores e permite establecer vínculos culturais que reforcen a nosa identidade nun marco globalizado, dando mostra en tempo real da rica diversidade que está a renovar o discurso das artes sonoras na nosa época e na que VertixeVIGO quere desempeñar un activo protagonismo.

Esta ambición lévanos a presentar nesta segunda edición seis estreas mundiais absolutas dalgúns dos compositores de maior repercusión internacional co apoio de entidades coma a Northwestern University (Chicago, EEUU), a American Academy in Rome (Roma, ITALIA), Edizioni Surbini Zerboni (Milán, ITALIA), o Fondo de Cultura Económica (MEXICO), o programa Ibermusicas (VVPP) ou o Festival Mixtur (Barcelona, España)

Organizada por Vertixe Sonora, un dos colectivos máis destacados na aposta pola música contemporánea e polo diálogo e a confluencia entre a música e as artes, converte a Vigo nunha sala de concertos, nunha caixa acústica total na que se exploran novas relacións entre os espazos e o público, establecendo sinerxías que permitan ofrecer contidos culturais de calidade cun aproveitamento máximo dos recursos e infraestructuras da cidade.

CONCERTOS do VERTIXE SONORA ENSEMBLE

JOAN ARNAU PÀMIES

Produktionsmittel II / ESTREA MUNDIAL

xoves 6 20.30 h.

Espacio Sirvent (Av. Gran Vía 129)

duración 30'

co apoio do Departament de Cultura da Generalitat de Catalunya e a Northwestern University (Chicago)

"En xeral, o modo de produción da vida material condiciona o proceso social, político e espiritual da vida. Non é a conciencia dos homes o que determina o seu ser, senón ao contrario, o seu ser social é o que determina a súa conciencia".

Con este párrafo do libro *Unha contribución á crítica da economía política* (en alemán: *Kritik der Politischen Ökonomie*) publicado en 1859 por Karl Marx, encabeza Joan Arnau Pàmies (España, 1988) a súa recente estrea *Produktionsmittel II*, unha investigación extrema sobre os modos de produción instrumental.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Alessandra Rombolà flauta/ Celia Adrián acordeón/ Angélica Vázquez, arpa



NORTHWESTERN
UNIVERSITY



Generalitat de Catalunya
**Departament
de Cultura**

VALERIO SANNICANDRO


On Serra: A Book of Forms / **ESTREA MUNDIAL**

mércores 12 20.30 h.

Museo Verbum (Av. de Samil 17)

duración 35'

co apoio da American Academy in Rome



programa

AGOSTINO DI SCIPIO (Italia, 1962) 2 pieces for string repertoire** (2010) para un número indeterminado de instrumentistas de corda

VALERIO SANNICANDRO (Italia, 1971) On serra: a book of forms* (2014) óboe, clarinete, saxofón, trompeta, trompa, percusión

*estrea mundial, **presentación en España

Inspirado na famosa *Lista de Verbos* que redactara Richard Serra no 68, presentamos a estrea mundial de **On Serra: A Book of Forms**. A medio camiño entre o concerto de música e a instalación sonora **On Serra: A Book of Forms** foi ideada por VALERIO SANNICANDRO (Italia, 1971) para Vertixe Sonora Ensemble co apoio da American Academy in Rome (Marcello Lotti Italian Affiliated Fellow in Musical Composition 2013) para un dispositivo móbil de 5 instrumentos de vento e un percusionista que están a moverse nunha sala completamente resoante. O programa complétase coa presentación en España de *2 pieces for string repertoire* para un número indeterminado de intérpretes de Agostino Di Scipio.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Avelino Ferreira oboe / Pablo Coello saxofón / Felipe Agel clarinete / Alejandro Vázquez trompeta / Iago Ríos trombón / Diego Ventoso percusión / Ángel Faraldo difusión de son
Colabora Conservatorio Superior de Música de Vigo. Coordinador Mario Peris.



Edizioni Savini Terboni

PARTICLES xoves 27 14.00 h
Hall de ETSE Minas da Uvigo
duración 25´

Con *Particles* desfrutarán dunha inusual combinación instrumental —percusión e arpa— que asaltará sorpresivamente ós usuarios da Universidade de Vigo: un parón na voráxine cotiá para o desfrute musical contemporáneo. Obras escritas especialmente para o dúo que forman Angélica Vázquez e Luis Bittencourt

PARTICLES (xoves 27 14.00 h.)

programa

JU RI SEO (Corea) *Vii* (2014) *arpa e percusión*

ANNA S. PORVALDSDÓTTIR (Islandia) *Particles* (2007) *arpa e percusión*

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Angélica Vázquez *arpa* / Luis Bittencourt *percusión*





ENSEMBLE SINKRO (PAÍS VASCO) / agrupación convidada 2014

O lugar calado

xoves 20 21.15 h.

Colexio de Arquitectos de Vigo (Rúa Doctor Cadaval 5)

duración 50´

co apoio do Inaem e Etxepare - Euskal Institutua

programa

ELLIOT CARTER (EE.UU.1908-2012) Enchanted Preludes (1988) frauta e violoncello

FREDERIC RZEWSKI (EE.UU. 1938) To The Earth (1985) percusión e voz

DANIEL SPRINTZ (España, 1961) Do outro lado do silencio (2011) frauta e electrónica

GABRIEL ERKOREKA (País Vasco, 1969) Saturno (1997) clarinete baixo e violoncello

ABEL PAÚL (País Vasco, 1984*) O lugar calado (2011) frauta, percusión e live video

ELLIOT CARTER (EE.UU. 1908-2012), Esprit Rude/Esprit Rude II (1988) frauta, clarinete e marimba

ENSEMBLE SINKRO

Roberto Casado, flauta / Puy Asurmendi, clarinete / Estitxu Oraá, violoncello / Jabi Alonso, percusión / Javier Sagastume, difusión electróacústica

Por primeira vez en Vigo un dos grupos fundamentais da escea vasca. Cando van cumprirse 30 anos da aparición do Grupo Instrumental Jesús Guridi e o Laboratorio de Música Electroacústica do Conservatorio de Vitoria-Gasteiz cermes do actual Ensemble Sinkro, un proxecto multidisciplinar sempre á vangarda da creación sonora no País Vasco que presenta **O lugar calado** un resumo da súa traxectoria os derradeiros anos. En **O lugar calado** conviven compositores de diferentes xeracións mostrando unha evolución mutireferencial que engloba procedementos instrumentais acústicos e medios electrónicos.



MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE



CRÁTER/ **ESTREA MUNDIAL**

venres 28 novembro 20.00 h.

Café de Catro a Catro (Rúa Girona 16)

duración 45'

co apoio do Colectiu Mixtur



Contundente proposta para a noite do venres na que escoitaremos obras da máis recente xeración de compositores europeos en colaboración co Festival Mixtur de Barcelona

programa

MAXIME BARTHÉLLEMY (París, 1989) *Vertige des mots** (2014) *saxofón, guitarra eléctrica e soporte de audio*

LORENZO TROIANI (Roma, 1989) *Cratere** (2014) *guitarra eléctrica*

HEATHER B. FRASCH (Roma, 1989) *Métal re-sculpté II*** (2010) *2 saxofóns e electrónica*

*Estreas absolutas. Coa colaboración do Festival Mixtur **Presentación en España

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Pablo Coello, Rafael Yebra *saxofón* / Rubén Barros *guitarra eléctrica* / Ramón Souto *difusión de son*





VICTOR IBARRA



HENRIK DENERIN



MADAMME CELL

HOMENAXE A MARCELO TOLEDO/ **ESTREA MUNDIAL**

domingo 30 novembro 21.00 h

La Caja (Camiño da Veiguiña 35 - Alcabre)

duración 35' ca.

co apoio de Ibermusicas (VV.PP.) e o FONCA (México)

Como resultado da residencia artística que o compositor mexicano Victor Ibarra vén de desenvolver o derradeiro ano en Vigo froito da colaboración co programa Ibermúsicas e o FONCA de México, presentamos *Homenaxe a Marcelo Toledo*. Recorrendo algunhas das súas persistentes monomanías, Victor Ibarra presenta un minucioso e sistemático traballo de orfebrería sonora, salpicado de impulsivas e incontroladas ráfagas de improvisación libre e unha recorrente e obsesiva presenza das imaxes. As estreas mundiais de Henrik Denerin e Madame Cell reflexan ámbolos dous extremos da súa investigación. En Madame Cell atopamos a un dos maiores e libérrimos ácratas salvaxes sonoros peninsulares e en Denerin a un compositor refinadísimo da grande escola nórdica. Tres estreas mundiais coas que clausurar a presente edición do vertixeVIGO.

programa

MADAMME CELL (Vigo, 1969) Nova obra** (2014) *flauta, saxofón, guitarra eléctrica, percusión, piano*

HENRIK DENERIN (Suecia, 1991) Rhizom** *flauta contralto (picc.), saxofón soprano, piano, percusión, cello*

VÍCTOR IBARRA (México, 1978) Homenaxe a Marcelo Toledo* *Concerto para saxofón e ensemble saxofón, flauta, acordeón, violín, cello, arpa, guitarra eléctrica, piano, percusión*

*estrea mundial co apoio de Ibermusicas e FONCA, residencia artística vertixeVIGO14 **estrea mundial

VERTIXE SONORA ENSEMBLE Alessandra Rombolà *flauta* / Pablo Coello *saxofón* / Celia Adrián *acordeón* / Marcos Escobar *violín* / Thomas Piel *violonchelo* / Angélica Vázquez *arpa* / Rubén Barros *guitarra eléctrica* / David Durán *piano* / Diego Ventoso *percusión*

ANGEL FARALDO: DI SCIPIO_STRING REPERTOIRE

sábado 8 e domingo e 9 | 10.00 - 14.00 / 16.00 - 20.00

Inscripción ó inicio da actividade/ Entrada gratuita/ Prazas limitadas

EAV - IES de Audiovisual de VIGO (Av. da Ponte 80 - Bouzas)



Este obradoiro achéganos ó pensamento e á obra de Agostino Di Scipio a través da montaxe de 2 PIECES STRING REPERTOIRE (2012), unha obra que introduce interesantes reflexións en torno os instrumentos tradicionais e a súa relación coa tradición e a práctica instrumental actual, así coma un inxenioso emprego da microfónica.

2 PIECES STRING REPERTOIRE foi concebida para un número indeterminado de instrumentistas de cordas que reproducirán a través dos auriculares dun mp3 situados contra a caixa de resonancia do seu instrumento amplificado fragmentos de repertorio previamente gravados. O obradoiro rematará coa presentación por primeira vez en España da obra de Di Scipio o día 12 de novembro no VERBUM.



JUAN CANTIZZANI | ESTUDOS AURALS (obradoiro) e Spatial Perception Study #12 (performance)

martes 11 a domingo 16

**CITA - Centro de Interpretación das Torres Arcebispais
(Av. de Santa María, Pontevedra)**



martes 11 a venres 14 | Obradoiro: ESTUDOS AURALS 10.00 - 14.00
Inscripción ó inicio da actividade/ Entrada gratuita/ Prazas limitadas

sábado 15 e domingo 16 | Performance: Spatial Perception Study #12
Catro pases: 17.00h - 18.00h - 19.00h - 20.00h | Entrada gratuita/ Prazas limitadas

obradoiro: Estudos aurais. Vibración, espazo e percepción Cantizzani propón a exploración de certas formulacións relacionadas coa percepción, o espazo ou a vibración. A nosa contorna produce de forma constante unha abundancia de vibracións que poderíamos considerar, en termos de acústica e espazo arquitectónico como unha “expansión do espazo”. Calquera lugar forma un patrón específico de vibracións, que podemos considerar como o “contexto” deste espazo, un acontecer de eventos (obxectos, accións e axentes) que se expresa na continuidade da existencia temporal e espacial. Espazo como sistema vibratorio.

Performance: Spatial Perception Study #12 serie de intervencións sonoras para lugar específico que exploran, desde o son e a escoita, certos comportamentos perceptivos e espaciais. Persegue un diálogo entre arquitectura, espacialidade, escoita e contorna ao redor da poética espazo-tempo. ¿Cómo traspasa o son o espazo construído?, ¿cómo un espazo esculpe, transforma e impregna calidades ao son?, ¿cómo a distancia de emisión transforma a nosa escoita? ou ¿cómo a propia arquitectura, a localización espacial ou a limitacións dos sistemas de emisión poden ser empregados como elemento compositivo ou de creación?

Parte de propostas e conceptos desenvolvidos por diversos artistas e investigadores coma: Toshiya Tsunoda en “O Respirar da Paisagem”, Alvin Lucier en “Wind Shadows”, “Empty vessels” ou “Small Waves”, Pascal Battus e as súas “Masaxes Sonoras”, ou Maryanne Amacher en “City-Links”



Juan Cantizzani (Lucena, 1978) Activo coma comisario e artista sonoro é unha voz fundamental na paisaxe sonora andaluza.

Facultade de Belas Artes

Universidade de Vigo

cAuSaL: Encontros Internacionais de Composición
Departamento de Composición
Conservatorio Superior de Música de Vigo
AULA 10 11.00 h

mércores 5, Joan Arnau Pàmies
martes 11, Valerio Sannicandro
xoves 27, Maxime Barthelemy e Lorenzo Troiani
venres 28, Henrik Denerin, Victor Ibarra e Madame Cell



Espazo de encontro e discusión no que se dá a coñecer a obra dos compositores programados nesta edición do vertixeVIGO, e os procesos creativos que se agochan detrás do seu traballo. Organizado en colaboración co Departamento de Composición do Conservatorio Superior de Música de Vigo, os encontros completaranse coa asistencia a ensaios abertos nos que participarán intérpretes do Vertixe Sonora Ensemble.

cAuSaL está aberto a compositores, instrumentistas, estudantes e aquelas persoas interesadas na música contemporánea que desexen participar.



VERTIXE SONORA ENSEMBLE

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Desde a súa aparición en 2010, Vertixe Sonora Ensemble converteuse nun auténtico revulsivo da sociedade galega. A súa permanente estrea de obras novas permite que Galicia participe da creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente insubstituíble para a última xeración internacional de compositores que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global en permanente estado de convulsión, na procura da excelencia artística.

Asociado ó Instituto Galego de Sonoloxía, plataforma de investigación e experimentación sonora, está integrada por destacados solistas de música contemporánea de Galicia e de Portugal. En Vertixe Sonora Ensemble danse a man artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza que a partires dunha consciencia da multiplicidade no achegamentos ao sonoro, establece un constante diálogo e interacción co pensamento, coa ciencia, coa tecnoloxía e con outras formas artísticas.

Con unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural, Vertixe Sonora favorece un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vangarda.

Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada e procura dinamizar o ecosistema cultural, o intercambio e a cohesión do territorio. O ciclo Correspondencias Sonoras (CGAC) e sonUTopías (campUSCulturae) en Santiago de Compostela, o Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea Vertixe Sonora en Vigo ou o ciclo MIHLsons en Lugo, son algunhas das achegas que están a renovar os públicos de música clásica en Galicia.

Comprometidos coa divulgación da música do ser tempo organizan os cursos de achegamento á música contemporánea Aguzar o oído (MARCO, Vigo), os Encontros Internacionais de Música Contemporánea — cAuSaL, obradoiros de composición, charlas abertas...

O seu labor foi recollido nos documentais *Correspondencias sonoras* (2013), do cineasta Manuel del Río e *son[UT]opias* (2014) do realizador Simón Vázquez.



Vertixe Sonora coordina a red europea CYCLOID xunto a Gard du Nord de Basel (Suiza), o Institut für Elektronische Musik und Akustik – IEM de Graz (Austria), sound and music de Londres (Reino Unido), Sonic Arts Research Centre de Belfast, (Reino Unido) e sofa music de Oslo (Noruega).

contacto prensa: [**info@vertixesonora.net**](mailto:info@vertixesonora.net)
(0034)986128933
(0034)687919769

Festival internacional de creación musical contemporánea

vertixe vigo 2014

www.vertixevigo.net

Promove: Concello de Vigo

Organiza e produce: Vertixe Sonora e Instituto Galego de Sonoloxía

Co apoio de: FONCA, Ibermusicas, Northwestern University, American Academy in Rome, Festival Mixtur, Etxepare – Euskal Institutua, Generalitat de Catalunya, Inaem

Patrocina: Museo de Arte Contemporáneo de Vigo, Facultade de Belas Artes de Pontevedra e Universidade de Vigo

Colabora: Colexio de Arquitectos de Vigo, Espacio Sirvent, La Caja, Café de Catro a Catro, Fundación Laxeiro, EAV – IES Audiovisual de Vigo, Conservatorio Superior de Música de Vigo, SinSalAudio

Máis información en: www.vertixevigo.net

Contacto prensa: info@vertixesonora.net

**Todos os concertos son de balde.
Entrada libre ata completar capacidade.**